

**CC00**

# INFORMA

## **CCOO AO TEU LADO DURANTE TODO O PROCESO DE CARREIRA PROFESIONAL**

### **1. INFORMACIÓN E APOIO DESDE O PRIMEIRO MOMENTO**



Aínda que **CCOO non é sindicato asinante da carreira profesional**, estivemos ao teu lado durante todo o período de solicitudes de grao desta convocatoria de 2026, informándote das dificultades e dúbidas que podían xurdir e axudándote a resolver as incidencias relacionadas coa túa solicitude.

### **2. ADIANTÁMONOS ÁS INCIDENCIAS E ASESORÁMOSTE**



**CCOO foi o primeiro sindicato en advertir das posibles incidencias deste proceso**, incluso antes que os propios sindicatos asinantes das bases da carreira profesional, e ofrecémosche asesoramento personalizado para analizar cada situación concreta e as diferentes opcións de progresión.

### **3. ACOMPAÑÁMOSTE ATA O REMATE DO PRAZO**



**Ata o 30 de setembro, data na que remata o prazo actual, desde CCOO seguimos ao teu lado**, estudando as túas posibilidades de progresión, revisando as túas opcións e resolvendo as túas dúbidas.

25 de setembro do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

**CC00**

# INFORMA

## GRAO INICIAL CARREIRA PROFESIONAL PERSOAL RESIDENTE

**CCOO** volve a denunciar, un ano máis, a situación inxusta e prexudicial en relación coa Carreira Profesional do persoal residente.

En setembro de 2025 **CCOO** solicitou á **Comisión de Seguemento da Carreira Profesional (integrada polo SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM)** que o persoal que pide o Grao Inicial durante a Residencia, no seu último ou penúltimo ano, non teña que volver solicitalo ao comezar a traballar como especialista.

En decembro de 2025, e ante a falta de resposta, **CCOO** presentou novamente unha reclamación, advertindo dos prexuízos que esta duplicidade estaba a ocasionar ás sucesivas promocións de residentes.

### UN ANO DESPOIS, SEGUIMOS SEN RESPOTA

A obriga de solicitar dúas veces o Grao Inicial supón unha perda de tempo de permanencia computable e retrasa o acceso ao Grao I da Carreira Profesional.

Ante o silencio e inacción mantidos, **CCOO** volve solicitar neste ano 2026 unha resposta á Comisión de Seguemento da Carreira Profesional:

- **Se a proposta de CCOO foi tratada:** queremos saber o acordo que se adoptou e, se foi rexeitada, cales foron os motivos que fundamentaron esa decisión.
- **Se a proposta de CCOO nin sequera foi tratada:** esiximos que se inclúa na orde do día da próxima reunión da Comisión de Seguemento.

**CCOO VOLVE ESIXIR A ELIMINACIÓN DA DOBRE OBRIGA NA SOLICITUDE DO GRAO INICIAL. DITA DUPLICIDADE SEGUE A PREXUDICAR INXUSTAMENTE AO PERSOAL RESIDENTE**

**DESDE CCOO ESIXIMOS UNHA RESPOTA INMEDIATA**

13 de xullo do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

**CC00**

# INFORMA

## **RECORDATORIO**

### **GRAO INICIAL**

### **CARREIRA PROFESIONAL**

### **PERSOAL EVENTUAL**

Desde **CCOO** queremos lembrar a todo o persoal temporal que tedes a posibilidade de solicitar o grao inicial da Carreira Profesional desde o primeiro día de contrato co SERGAS.

O recoñecemento do grao terá efectos desde o día de presentación da solicitude, de xeito que, si non o facedes nese primeiro día de contrato, perderedes ese tempo no cómputo da permanencia para acadar o **grao I**.

Para poder facer a solicitude tedes que estar en servizo activo. **A petición do grao inicial faise desde o FIDES** a través da pestana **“Solicitudes”**. Lembramos que necesitades un certificado dixital válido para asinar a solicitude.

17 de xullo do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>



Páxina Web: [sanidad.ccoo.es/galicia](http://sanidad.ccoo.es/galicia)



Facebook: [facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia](https://facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia)



Instagram: [@ccoosanidadegalicia](https://instagram.com/ccoosanidadegalicia)



X (Twitter): [@cccoofssgalicia](https://twitter.com/cccoofssgalicia)

**CCOD**

# INFORMA

## RECORDATORIO CARREIRA PROFESIONAL

### AREA III: CURSOS DE FORMACIÓN

¿Que puntuación me fai falta na área III? → depende da categoría e do grao que vaias a solicitar:

| LICENCIADOS E DIPLOMADOS SANITARIOS UNIVERSITARIOS<br>PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS UNIVERSITARIO |                                                   |                                                   |                                                    |                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
|                                                                                                   | Grao I                                            | Grao II                                           | Grao III                                           | Grao IV                                           |
| Puntuación mínima<br>esixida na área III                                                          | <b>4,5 puntos</b><br>(9 créditos<br>CFC ou 60 h)  | <b>6 puntos</b><br>(12 créditos<br>CFC ou 80 h)   | <b>7,5 puntos</b><br>(15 créditos<br>CFC ou 100 h) | <b>6 puntos</b><br>(12 créditos<br>CFC ou 80 h)   |
| Puntuación<br>máxima da área III                                                                  | <b>15 puntos</b><br>(30 créditos<br>CFC ou 200 h) | <b>20 puntos</b><br>(40 créditos<br>CFC ou 267 h) | <b>25 puntos</b><br>(50 créditos<br>CFC ou 334 h)  | <b>20 puntos</b><br>(40 créditos<br>CFC ou 267 h) |
| Mentres non exista área II, pódese incrementar en 15 puntos máis a puntuación máxima.             |                                                   |                                                   |                                                    |                                                   |

| CATEGORÍAS SANITARIAS DE FP                                                           |                                                   |                                                   |                                                    |                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|---------------------------------------------------|----------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
|                                                                                       | Grao I                                            | Grao II                                           | Grao III                                           | Grao IV                                           |
| Puntuación mínima<br>esixida na área III                                              | <b>4,5 puntos</b><br>(9 créditos<br>CFC ou 60 h)  | <b>6 puntos</b><br>(12 créditos<br>CFC ou 80 h)   | <b>7,5 puntos</b><br>(15 créditos<br>CFC ou 100 h) | <b>6 puntos</b><br>(12 créditos<br>CFC ou 80 h)   |
| Puntuación<br>máxima da área III                                                      | <b>15 puntos</b><br>(30 créditos<br>CFC ou 200 h) | <b>20 puntos</b><br>(40 créditos<br>CFC ou 267 h) | <b>25 puntos</b><br>(50 créditos<br>CFC ou 334 h)  | <b>20 puntos</b><br>(40 créditos<br>CFC ou 267 h) |
| Mentres non exista área II, pódese incrementar en 10 puntos máis a puntuación máxima. |                                                   |                                                   |                                                    |                                                   |

| PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS NON UNIVERSITARIO                                       |                             |                             |                              |                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|------------------------------|-----------------------------|
|                                                                                       | Grao I                      | Grao II                     | Grao III                     | Grao IV                     |
| Puntuación mínima<br>esixida na área III                                              | <b>4,5 puntos</b><br>(60 h) | <b>6 puntos</b><br>(80 h)   | <b>7,5 puntos</b><br>(100 h) | <b>6 puntos</b><br>(80 h)   |
| Puntuación<br>máxima da área III                                                      | <b>15 puntos</b><br>(200 h) | <b>20 puntos</b><br>(267 h) | <b>25 puntos</b><br>(334 h)  | <b>20 puntos</b><br>(267 h) |
| Mentres non exista área II, pódese incrementar en 10 puntos máis a puntuación máxima. |                             |                             |                              |                             |

#### ¿Como puntúan os cursos?

- Cursos certificados con créditos CFC: **0,5 puntos por crédito.**
- Cursos certificados con outro tipo de créditos (non CFC): **0,3 puntos por crédito.**
- Cursos certificados en horas: **0,075 puntos por hora.**
- Cursos certificados en horas e que teñen contido transversal: **0,10 puntos por hora.** Son os cursos de informática, prevención de riscos, idiomas, violencia de xénero e igualdade.

**IMPORTANTE:** o curso **COMDIX** (competencias dixitais) da Amtega, e publicitado por **CCOD**, aínda que ten 10 créditos ECTS será valorado aos efectos da carreira, polas súas 250 horas.

#### E lembra que...

- Os cursos teñen que estar debidamente rexistrados e validados no FIDES.
- Valoraranse os cursos feitos desde a data de recoñecemento administrativo do grao anterior ata o 30 de setembro (último día do prazo que tes para solicitar a carreira).
- A puntuación da área III non só depende dos cursos, tamén se valoran outros méritos como a formación académica e especializada, a docencia e a investigación.

AVISO: desde CCOD non autorizamos o plaxio deste documento

23 de xullo do 2026



Páxina Web: [sanidad.ccoo.es/galicia](http://sanidad.ccoo.es/galicia)



Facebook: [facebook.com/CCOD.Sanidade.Galicia](https://facebook.com/CCOD.Sanidade.Galicia)



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia

CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOD >>>

**CCOD**

# INFORMA

## CARREIRA PROFESIONAL CONVOCATORIA 2026

Infórmanos o SERGAS da publicación no DOG de mañá **martes 4 de agosto** da Resolución do 23 de xullo do 2026 da Dirección Xeral de Recursos Humanos pola que **se convoca o procedemento ordinario de acceso aos graos I a IV da Carreira Profesional correspondente ao ano 2026.**

**As solicitudes faranse a través de FIDES** e será preciso ter un **certificado dixital válido** para poder asinalas.

O **prazo de presentación de solicitudes** comezará o **05.08.2026** e rematará o **30.09.2026** (ambos os días incluídos).

Os **requisitos para o recoñecemento do grao** son:

- Ter a permanencia necesaria no grao anterior. Pódela comprobar no apartado do FIDES “Expediente Carreira Profesional”
- **Reunir os méritos necesarios** para a estimación do grao, que deberán estar rexistrados e acreditados ca **data límite do 30.09.2026.**
- Estar en servizo activo (ou ter reserva de praza) calquera día entre o 1 de agosto e o 30 de setembro do 2026.

As resolucións de recoñecemento de grao ditaranse no prazo dos catro meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. As resolucións estimatorias terán **efectos económicos desde o 1 de xaneiro do 2027.**

Unha vez remate o prazo de presentación de solicitudes, as **enquisas de avaliación de competencias persoais** (área I) estarán dispoñibles **durante o mes de outubro.**

3 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOD >>>

**CCOD**

# INFORMA

## CARREIRA PROFESIONAL

### PREGUNTAS CLAVE

#### 1.- ¿Quen pode solicitar un grao de Carreira Profesional este ano?

Tes que acreditar un período mínimo de permanencia. Compróbaos no FIDES.

|          | Persoal licenciado sanitario                              | Resto de persoal                                      |
|----------|-----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Grao I   | <b>5 anos</b> (1.825 días) de permanencia no grao inicial |                                                       |
| Grao II  | <b>5 anos</b> (1.825 días) de permanencia no grao I       | <b>6 anos</b> (2.190 días) de permanencia no grao I   |
| Grao III | <b>5 anos</b> (1.825 días) de permanencia no grao II      | <b>6 anos</b> (2.190 días) de permanencia no grao II  |
| Grao IV  | <b>7 anos</b> (2.555 días) de permanencia no grao III     | <b>7 anos</b> (2.555 días) de permanencia no grao III |

#### 2.- ¿Hai excepcións nos períodos de permanencia?

Si, para dúas categorías:

- **FEAP**: poden solicitar o grao I se teñen 3 anos de servizo activo no grado inicial de calquera outra categoría á que tiveran accedido como especialista en Familiar e Comunitaria.
- **Médicos/as de familia que realicen titorías na especialidade de familiar e comunitaria**: co grao inicial poderán solicitar o grao I con 2 anos de titoría e co grao III poderán solicitar o grao IV con 5 anos de titoría.

#### 3.- ¿Cal é o prazo de presentación de solicitudes e de cómputo de méritos?

Solicitudes: desde o **05.08.2026** ao **30.09.2026** (ambos os días incluídos).

Méritos: todos os causados desde a **data de recoñecemento administrativo do grao anterior** ata o **30.09.2026**.

#### 4.- ¿Onde podo consultar os baremos?

**Area I** no DOG do 09.03.2022 e o das **Areas III+IV** no DOG do 06.08.2021

#### 5.- ¿Cando cobro e cal é o importe do complemento de grao de carreira?

Efectos económicos desde o **01.01.2027** e percepción do **100%** do valor.

| Grupos/categorías profesionais:                                            |                         | Importe mensual:<br>(*contías agosto 2026) |
|----------------------------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------------------------|
| Persoal sanitario licenciado e diplomado                                   | Licenciados sanitarios  | 300,19 €                                   |
|                                                                            | Diplomados sanitarios   | 187,62 €                                   |
| Persoal sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos | A1                      | 241,63 €                                   |
|                                                                            | A2                      | 169,10 €                                   |
|                                                                            | C1                      | 109,06 €                                   |
|                                                                            | C2                      | 92,57 €                                    |
|                                                                            | E (agrup. profesionais) | 74,80 €                                    |

5 de agosto do 2026



# INFORMA

## CARRERA PROFESIONAL

### CURSOS ACIS

### AREA IV

Informamos dun **novο curso de autoformación** do ACIS que será valorado para todas as categorías profesionais con **1 punto na área IV (Compromiso e Implicación coa Organización)** da Carreira Profesional. O curso, xa dispoñible na plataforma de formación, é:

Título: **“COÑECE A TÚA ORGANIZACIÓN”**

Código: **2624364**

Duración: **5 horas**

Lembramos que **tamén suman 1 punto** na área IV os seguintes cursos do ACIS:

Título: **“SOSTIBILIDADE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE”**

Código: **2622145**

Duración: **5 horas**

Título: **“A COMUNICACIÓN COAS PERSOAS XORDAS NA CONSULTA”**

Código: **2622169**

Duración: **4 horas**

Créditos: 0,4 para profesionais sanitarios

Se pides na convocatoria deste ano un grao de carreira e aínda non os tes feitos, lembra que tes ata o **30.09.2026** para facerlos.

Desde **CCOO** denunciaremos un ano máis que **a Comisión de Seguimento da Carreira Profesional improvisa baremos poucos días antes de que comece o prazo para solicitar un novo grao**. Dita Comisión de Seguimento está formada polo **SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM**.

7 de agosto do 2026

**CCOO**

# INFORMA

## **CARREIRA PROFESIONAL** **GRAO INICIAL: CCOO REXEITA** **A DOBRE SOLICITUDE**

**CCOO** denuncia unha nova inxustiza na Carreira Profesional do SERGAS que prexudica gravemente ao persoal residente.

**O persoal que realizou a residencia en Galicia vese obrigado a solicitar dúas veces o Grao Inicial: durante a residencia e de novo o primeiro día do seu primeiro contrato.**

**Esta esixencia non figura nas bases** da Carreira Profesional e provoca que, de non presentar esa segunda solicitude, **se perdan días, meses ou mesmo anos de permanencia, atrasando así o acceso ao Grao I.**

**CCOO** reclamou en 2025 e 2026 ao SERGAS e aos sindicatos asinantes —CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM— unha solución, pero **a convocatoria de 2026 segue sen corrixir o problema.**

**CCOO** continuará esixindo a eliminación desta obriga inxusta para garantir que ningún profesional vexa prexudicados os seus dereitos.

10 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

**CCOO****INFORMA**

# **CARREIRA PROFESIONAL**

## **INFORMACIÓN DE INTERESE**

### **VOLUNTARIEDADE PAC:**

CCOO informa de que a **voluntariedade para realizar xornada nos PAC**, acordada e asinada por CCOO na Mesa Sectorial do 27 de marzo de 2026, **puntuará no apartado de Compromiso coa Organización (área IV)** da Carreira Profesional Ordinaria do SERGAS.

Houbo sindicatos que decidiron non asinar este acordo, pero agora non teñen inconveniente en aproveitar os seus efectos na Carreira Profesional. Parece que algunhas medidas gustan máis cando o traballo xa o fixeron outros.

### **CURSO EN COMPETENCIAS DIXITAIS (COMDIX):**

CCOO celebra que o curso de **Competencias Dixitais (COMDIX)**, difundido por CCOO entre todo o persoal do SERGAS en colaboración coa AMTEGA entre xaneiro e maio de 2026, **sexu baremado por horas**, tal e como viñemos defendendo.

### **CARREIRA PROFESIONAL PERSOAL EVENTUAL:**

Lembramos tamén que grazas a sentenza gañada por CCOO, **todo o persoal eventual pode solicitar a Carreira Profesional**.

12 de agosto do 2026

**CCOD**

# INFORMA

## CARREIRA PROFESIONAL

### ÁREA IV

## DECLARACIÓNS RESPONSABLES

O DOG do 06.08.2021 recolle textualmente como **mérito para a Área IV da Carreira Profesional** (Compromiso e Implicación coa Organización) para distintos **profesionais de Atención Primaria**:

#### **Médico/a de familia, Pediatra e Enfermeiro/a de Atención Primaria:**

*Pola dispoñibilidade efectiva na realización de gardas e prolongacións, así como dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura por indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes: **0,20 puntos/mes**.*

Desde **CCOO** lembramos que, tal como recolle a convocatoria da carreira 2026 (DOG 04.08.2026), este mérito se acreditará mediante unha **declaración responsable asinada polo profesional**, que se entregará en RRHH de cada área sanitaria **antes do 30.09.2026**, na que se manifesta a dispoñibilidade efectiva e o periodo de tempo durante o cal se mantivo dita dispoñibilidade.

Por outra banda, **CCOO** solicitalle un ano máis a Comisión de Seguimento da Carreira Profesional formada polo SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM, **que tamén recoñezan este mérito ao persoal de enfermería de Atención Hospitalaria** xa que non o están considerando.

#### **Enfermeiro/a de Atención Hospitalaria:**

*Pola dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura pola indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes.*

Desde **CCOO** **denunciamos a inxustiza e a discriminación** que supón para os profesionais de enfermería de Atención Hospitalaria que este mérito non lles sexa puntuado do mesmo xeito que aos seus compañeiros/as de Atención Primaria, xa que **unha mesma dispoñibilidade debe implicar o mesmo recoñecemento na Carreira Profesional**.

Se queredes reclamalo ou tedes algunha dúbida, pasade polos nosos locais sindicais de **CCOO**. **Temos á vosa disposición modelos de declaración responsable** preparados.

14 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

**CCOO****INFORMA**

## **CARREIRA PROFESIONAL**

### **RECLAMACIÓNS DE CCOO**

Desde **CCOO** solicitamos dúas cuestións importantes:

#### **VALORACIÓN DA EXCLUSIVIDADE:**

O DOG do 06.08.2021 recolle, como mérito da **área IV** (Compromiso e Implicación coa Organización), para as profesións sanitarias con titulación universitaria:

*Ter dedicación exclusiva no desempeño do posto do sector público: **2 puntos por ano.***

Desde **CCOO** esiximos que **este mérito sexa visible en FIDES**, no apartado “resultado da baremación” do formulario de solicitude de recoñecemento, **tamén para o persoal sanitario universitario non facultativo**, como por exemplo, o persoal de enfermería.

#### **DOCENCIA EN ÁREAS ESPECIAIS:**

Desde **CCOO** reclamamos que se bareme, dentro da **área IV** (Compromiso e Implicación coa Organización), a **formación que as traballadoras do SERGAS facilitan ós/ás aspirantes das listaxes de contratación que solicitan as prácticas tuteladas nas áreas especiais.**

Esta reivindicación de **CCOO** leva tres anos sen resposta por parte do SERGAS e dos sindicatos asinantes da Carreira Profesional (CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM).

17 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>



Páxina Web: [sanidad.ccoo.es/galicia](http://sanidad.ccoo.es/galicia)



Facebook: [facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia](https://facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia)



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia

**CCOD**

# INFORMA

## CARREIRA PROFESIONAL TITORES DE RESIDENTES

Actualmente, na Carreira Profesional do SERGAS consideráse a seguinte **excepción ao período de permanencia** na categoría de **médico/a de familia**:

- Co **grao inicial** de carreira profesional recoñecido, poderán solicitar o **grao I** no caso de que, durante o seu período de permanencia no grao inicial, acrediten **dous anos de titoría na especialidade**.
- Co **grao III** de carreira profesional recoñecido, poderán solicitar o **grao IV** no caso de que, durante o seu período de permanencia no grao III, acrediten **cinco anos de exercicio efectivo da titoría na especialidade**.

Desde **CCOD** lembramos que **no SERGAS existen outras categorías profesionais que tamén se atopan nunha situación similar**, é dicir, exercen como **titores de residentes MIR, EIR, FIR, PIR**, etc. e **non se lles recoñece o período de exercicio efectivo da titoría na especialidade** para poder acceder ao seguinte grao de Carreira Profesional nas mesmas condicións que aos médicos e médicas de familia.

Por este motivo, **CCOD** solicítalle á **Comisión de Seguimento da Carreira Profesional**, integrada polo **SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM**, que este punto, recollido no Decreto de Formación Sanitaria Especializada de Galicia, **se aplique tamén a todo o persoal con funcións de titoría de residentes**, como por exemplo, **FEAs, enfermeiras e enfermeiras especialistas**.

Desde **CCOD** defendemos unha Carreira Profesional no SERGAS xusta, equitativa e **sen discriminacións entre categorías**.

19 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOD >>>

**CCOO**

# INFORMA

## A COMPLEXIDADE DA CARREIRA PROFESIONAL NON PODE PREXUDICAR Ó PERSOAL DO SERGAS

**CCOO DENUNCIA** que moitas profesionais do **SERGAS** están perdendo tempo computable na Carreira Profesional por non teren recibido información clara, nin dos sindicatos asinantes: CESM, CIG, CSIF, UGT e SATSE nin da Administración, sobre cando debían solicitar o Grao Inicial. Nalgúns casos, a perda pode chegar aos tres anos.

### ¿QUE COLECTIVOS ESTÁN MÁIS AFECTADOS?

- **Persoal residente** que descoñecía que debía presentar unha nova solicitude ao pasar a especialista.
- **Persoal de enfermaría** que accede á especialidade por concurso específico.
- **Profesionais que compaxinan mais de unha categoría profesional** e que solicitaron o Grao Inicial nunha categoría pero non noutra/s.
- **Persoal de nova incorporación** ao que non se informou expresamente dos efectos de solicitar ou non o Grao Inicial.

### CCOO RECLAMA aos sindicatos asinantes da CP e ó SERGAS:

- Un novo prazo para solicitar o Grao Inicial con carácter retroactivo e evitar a perda de tempo de permanencia na Carreira Profesional.
- Información clara desde o primeiro contrato en cada categoría profesional.

**DESDE CCOO EXISIMOS A  
RETROACTIVIDADE DO GRAO INICIAL ¡XA!**

28 de agosto de 2026

««« CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO »»»

**CCOO**

# INFORMA

## INFORMACIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE GRAO DE CARREIRA PROFESIONAL (ALTERNAR TRABAJO EN 2 OU MÁIS CATEGORÍAS PROFESIONAIS)

**CCOO INFORMA** a afiliados/as que alternan traballo en dúas ou máis categorías profesionais e que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- **Persoal ó que lle aparece habilitada unha pestana** para realizar a solicitude este ano 2026.
- **Persoal ó que lle aparece habilitada dúas pestanas** para realizar a solicitude este ano 2026 en dúas categorías distintas.

### ANTES DE REALIZAR A SOLICITUDE

Antes de formalizar a solicitude, é importante **analizar detidamente cal das opcións dispoñibles pode resultar máis beneficiosa para a futura progresión na súa carreira profesional** (ver o caso individual de cada traballadora)

En determinados casos, mesmo pode resultar máis favorable **non solicitar o grao na convocatoria de 2026** e agardar a unha convocatoria posterior para acadar mais grados en menos anos.

Por este motivo, **CCOO recomenda á afiliación consultar cos seus delegados e delegadas antes de formalizar a solicitude**, co obxecto de valorar cada situación particular e determinar a opción máis conveniente.

3 de setembro de 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

